

Profesorado en loita

Un curso para a historia



2
**Cronoloxía
dun conflito**



4
**Setembro de 2025.
Os comezos dun
conflito anunciado**



8
**A primeira de seis
folgas xerais. Nace
«Profesorado en Loita»**



12
**Un outubro quente
dentro e fóra das aulas**



PROFESORADO EN LOITA
Un curso para a historia

Edita
CIG-Ensino

Fotografías
Arquivo CIG-Ensino /
cedidas polo profesorado

Deseño e maquetación
Diego Núñez

Impresión
Imprenta Brasil

NOTA: As imaxes seleccionadas responden a criterios de calidade técnica, de diversidade representativa ou de accesibilidade pero quedaron fóra, sobre todo da acción Martes en Loita, centos de fotografías co mesmo valor documental, algunhas das cales se poden consultar na nosa páxina web e redes sociais e outras moitas ás que non tivemos acceso pero que forman parte do arquivo visual deste conflito. Pregamos desculpas anticipadas por se nalgunha imaxe aparece algo indebido. A intención desta publicación é fundamentalmente documentar e facer partícipe da revolución docente do curso 25/26 o maior número de persoas posíbeis. Grazas a todas e a todos por facela posíbel.

20

Un decembro no que a loita mudou en loito



38

Un segundo trimestre para reavivar o conflito e levalo aos centros



54

Mobilizacións no segundo trimestre: Plataforma Galega, contra a censura e pola igualdade real



62

A sexta folga e unha xornada de loita que volveron unir a toda a comunidade educativa



70

As «non negociacións» de final de curso e o suspenso á Consellaría



Cronoloxía dun conflito

Non por repetido deixa de ser insólito. E como a memoria é fráxil e, en xeral, a clase traballadora galega adoita subestimar as súas loitas e os seus avances, cómpre botar a mirada atrás até hai exactamente un ano para apresiar os momentos históricos que se viviron ao longo do curso 25/26, o máis conflitivo desde as loitas docentes dos anos 87 e 88. **Un curso no que o profesorado galego levou a dianteira durante moitos meses malia ter todo en contra: un goberno da Xunta abso-**

lutista ao que lle repele a negociación real e que centra todos os seus esforzos na propaganda e na chantaxe aos centros; **os principais sindicatos estatais entregados á estratexia política do Partido Popular** nun exercicio inédito dentro do Estado español e **a censura mediática tanto nos medios galegos**, cunha radio e televisión públicas amordazadas e a maioría dos medios privados amarrados pola man que lles dá de comer, **como nos estatais** que, agás excepcións, pouco ou nada lles interesa o que pasa no noso país. Isto último quedou plenamente de manifesto no mes de maio cando o foco mediático se fixou no Mediterráneo malia que era o profesorado galego o que máis xornadas de folga secundara no que ía de curso até entón (seis convocatorias xerais) ou se

repite agora cando semella que foi o PP valenciano o que inventou o concepto de «neutralidade ideolóxica» que o profesorado galego vén padecendo, denunciando e desafiando desde hai xa dous cursos.

Mais nese mirar cara nós, nese camiño conxunto que percorremos todos os colectivos, todas as etapas e todas as ensinanzas hai un ollar que non debemos nin podemos perder: o da unidade e a dignidade. **Esta é unha loita por dereitos, é un conflito laboral, o noso conflito laboral, e hai moitos anos que non se vivía coa fronte alta e con este orgullo compartido.** Porque o persoal docente non é máis nin menos que ninguén, non ten privilexios, nin status, non é refén da etiqueta que as administracións lle foron poñendo cando se dedicaron a atacar os servizos públicos para rescatar a banca, as promotoras, as especuladoras e os lobbies privados que fixeron negocio mesmo durante a pandemia. O que si ten o profesorado galego é cada vez máis precariedade e menos recoñecemento social e institucional. E é vítima das limitacións do acceso á vivenda, da suba do custo da vida, das dificultades da conciliación laboral e familiar, da feminización dos coidados, da persecución do dereito a enfermarse... igual que o resto da clase traballadora galega.



Manifestación o 28 de abril (Compostela)

↓ **Marcha fúnebre o 16 de decembro en Pontevedra**

Este curso mobilizámonos de todas as formas posíbeis: folgas, manifestacións, concentracións, boicots a actos institucionais, peches nocturnos e diurnos, accións mediáticas; **no mundo físico e no virtual**: nas rúas, nos centros, nos edificios administrativos, nas redes sociais e na Internet; **empregando todos os medios posíbeis** con camisetas, cartaces, colantes, decálogos, notas de prensa, acordos de claustro, manifestos de adhesión, faixas e sobre todo coa nosa voz; **polas ratios, polo horario, pola atención á diversidade, pola burocracia, polos salarios, pola recuperación do que nos roubaron e por acadar novos dereitos; fixémoslo desde infantil até as ensinanzas postobrigatorias**; mestras, equipos directivos, orientadoras, catedráticos/as de secundaria, funcionariado de carreira con ningún ou con todos os sexenios, docentes xubiladas e persoal opositor, funcionariado en prácticas, persoal interino e substituto, docentes de linguas, de ciencias, de educación física e de artes, profesorado de conservatorio, de FP, de EOI e de ensinanzas artísticas...

A unidade que con cada manobra a Consellaría, e os seus cómplices, quixeron romper mantívose intacta, malia o cansazo, a burla e a frustración porque o

Manifestación o 13 de setembro en Compostela

conseguido até o momento non fora o realmente perseguido. **E a dignidade aflorou como había décadas que non o facía**. Foise forxando desde o outono até a primavera con cada intercambio de ideas na sala de profes, con cada asemblea nos centros, con cada cartaz pegado ou cada vídeo reenviado, con cada quedada para compartir coche ou percorrer media Galiza en bus, co diálogo coas familias e as Anpas, coa complicidade co noso alumnado, coa emoción sostida de reencontrarnos e recoñecernos como docentes traballadoras na Alameda de Compostela, diante do Parlamento ou diante da Consellaría.

Fixémolo nós, entre todas, como se constrúe toda a historia, con loitas colectivas e compartidas. Esta breve enumeración do que foi o curso máis combativo dos últimos corenta anos ficou tamén retratada en imaxes, algunhas das cales forman parte desta publicación que, sen vocación de rexistro, si pretende homenaxearnos cando aínda está a luz acesa. Non perdamos de vista o camiño andado e manteñamos esa unidade e dignidade con firmeza e determinación porque esa é a nosa verdadeira fortaleza fronte á administración e o seu sistema de flotación. ●



Setembro de 2025. Os comezos dun conflito anunciado

Non se pode dicir que a loita do curso que vén de rematar fora improvisada. Todo o contrario. O malestar do profesorado galego foise cocendo lentamente, recorte tras afronta, sentindo que non só non está no centro das políticas educativas da Consellaría senón que simplemente é utilizado para as fotos propagandísticas dos macroeventos que organiza ou do tour polos centros que conselleiro e directores xerais intensificaron nos últimos tempos. O día 1 de setembro a CIG-Ensino recollía todo ese desgaste acumulado e anunciaba en rolda de prensa unha manifestación para o día 13 e unha folga para o 25 como continuidade da campaña Rectificar, Recuperar, Recoñecer que en xuño xa avanzara un inicio de curso con mobilizacións se a Consellaría non atendía a unha táboa reivindicativa moi clara:

- **Baixada de ratios** no primeiro curso de todas as etapas educativas a partir de setembro de 2026.
- **Recuperación do horario lectivo recortado en 2011** (21 horas en primaria e infantil) e en 2012 (18 horas no resto de ensinanzas)

(tamén a partir do curso 26/27 e fin da discriminación horaria nos CIFP).

- **Medidas concretas que garantan unha correcta atención á diversidade** (criterios para a dotación de persoal especialista de PT e AL, incremento do número de orientadores/as nos centros, cómputo como dobre ou triplo do alumnado con necesidades en todas as etapas, autorización de desdobres, PDCs e FP básica en todo o territorio...).
- **Un plan real de eliminación de burocracia** que leve aparellado, entre outras medidas, un incremento da dedicación horaria para equipos directivos, coordinacións e titorías.

- **Melloras retributivas:** incremento retributivo lineal para todo o profesorado no complemento autonómico que permita recuperar o poder adquisitivo perdido, recuperación do cobro do verán para o persoal substituto que traballe 5 meses e medio e equiparación salarial do PESSFP co resto de profesorado de FP.

- **Redución da xornada laboral a partir dos 55 anos e recuperación das licenzas por formación retribuídas.**

- **Redución da xornada laboral a partir dos 55 anos e recuperación das licenzas por formación retribuídas.**

↑ Rolda de prensa anunciando as mobilizacións de setembro
→ CEIP Ana María Diéguez (Rianxo)



Antes da manifestación do día 13, aberta a toda a comunidade educativa, xa se palpaba o «revival» dos inicios de curso dos últimos anos: fume nas cifras da Consellaría que batían contra a realidade dos números do CADP. **En total, 138 vacantes provisionais menos de mestras de infantil e primaria** malia que o acordo de redución de ratios na primeira etapa afrontaba o seu segundo ano de implantación e **no resto de ensinanzas 221 adxudicacións menos**. En numerosos centros, sobre todo das comarcas da Coruña, Compostela, Ferrol e Barbanza sucedéronse as protestas pola falta de PT, AL e persoal coidador, a non concesión de desdobres ou do reforzo que supostamente se incluían no Acordo de Melloras. **Tres días despois do inicio de curso nos IES había aínda vacantes sen cubrir por baixas médicas e permisos e o caos da reforma da FP era máis que evidente** con docentes que chegaban a ter até 10 módulos diferentes, horarios do profesorado sen facer ou erros na aplicación de Proens para elaborar as programacións. Todo isto nun contexto no que quedarán o 33% das prazas desertas nas oposicións, polo que esta redución de efectivos provisionais e os recortes que non cesaban (non convocatoria de prazas de atención preferente, eliminación das licenzas por formación retribuídas ou o peche de RAOGAL ese mesmo ano), xunto co intento de censura do profesorado a través das instrucións de inicio de curso fixo que Compostela se vira ateigada nesa primeira mobilización de profesorado con ganas de máis, de máis loita e de máis dereitos.



CEIP Praia Xardín (Boiro)



CEIP O Grupo (Ribeira)



Cartaz das mobilizacións de setembro



CEIP Monte dos Postes (Compostela)

O chamamento da CIG-Ensino a unir todas as demandas de todos os colectivos foi un éxito e a manifestación do día 13 contou coa participación de numerosas Anpas, familias e estudantado que clamaron por máis recursos humanos para o ensino público, que nalgúns etapas supón só o 70% do total en Galiza fronte ao concertado, unha tendencia que non se sostén ante a enorme caída da natalidade dos últimos anos.

No manifesto lido ao final da marcha pola secretaria nacional da CIG-Ensino, Laura Arroxo, xa se adiantaba o que estaba por vir: «é preciso prepararnos para unha loita que non será doada pero que é necesaria. Trátase de dereitos si, pero tamén de dignidade, a que nos roubaron ao profesorado con recorte tras recorte nos últimos anos, e a do ensino público, practicamente esmagado e que ten que pedir esmolas para funcionar baixo mínimos. Resignarse non é unha opción. Temos diante unha maioría aplastante do Partido Popular, si, pero é que o profesorado xa non ten nada que perder, porque non podemos ir a peor. E as familias que non ven atendidas as súas demandas tampouco e o alumnado, co que tecemos lazos que van máis alá da nosa función docente e ao que acompañamos en etapas decisivas da súa vida, tampouco». ●

→ Manifestación o 13 de setembro





A primeira de seis folgas xerais. Nace «Profesorado en Loita»

O caldo para a primeira xornada de folga estaba posto a ferver. **A precariedade xa estaba instalada desde hai tempo pero neste curso o incremento das medias xornadas** (10 no IES Sanxillao de Lugo ou 8 no Lama das Quendas de Chantada por exemplo), **das itinerancias e das afíns chegou á súa cimeira. O persoal substituto cada vez sobrevive peor** e por iso moitas especialidades teñen problemas para atopar persoas dispostas a asumir estas substitucións, así que **a recuperación do pagamento do verán** para quen traballe cando menos 5 meses e medio foi outra das reivindicacións que se uniron con forza á táboa reivindicativa, **ao igual que a redución da xornada lectiva para o persoal maior de 55 anos**, unha medida contemplada na LOE e que xa aplican outras CCAA. O profesorado galego, sempre á cola en dereitos, seguía a ser ignorado. **O día 16 de setembro a CIG-Ensino denun-**

ciou publicamente 85 incidencias graves de falta de persoal en centros, sobre todo para a atención á diversidade, así como que aínda non se adxudicaran todas as prazas Mega e Proa+, que a Consellaría borrara as substitucións que non superaban os 15 días e que había 240 vacantes sen cubrir en secundaria, FP e ensinanza de réxime especial.

O fastío era cada vez maior, a burocracia de inicio de curso volvíase infinda (con até 5 informes diferentes elevados á comisión política que agora é a encargada de outorgar especialistas para atender á diversidade) e o conselleiro comparecía a petición propia no Telexornal para deslexitimar a que días despois foi **a folga co maior seguimento no ensino público nos últimos anos**, moito máis que a anterior de 2019 que fora unitaria ou as da pandemia.



→ Manifestación o 25 de setembro en Compostela

O 25 de setembro as aulas baleiras e as rúas cheas deron paso ao nacemento dun concepto que foi moito máis que un lema: «**Profesorado en loita**», converténdose nun sinal de identidade e de pertenza, a un colectivo e a unha loita, algo que posibelmente desde as loitas contra a LOMCE non se conseguira forxar malia o esmagamento constante dos nosos dereitos.

En declaracións aos medios antes da manifestación en Compostela, Laura Arroxo xa aventuraba que «**mentres a Consellaría non se mova, nós seguiremonos movendo**» e sinalaba que especialmente se incrementara o seguimento entre o corpo de mestras, o que reflectía que as escasas «melloras» do Acordo de 2023 que atinxían só a este colectivo quedaban espidas fronte á crúa realidade. A marcha, que transcorreu desde a praza de Cervantes até a Consellaría baixo o lema «Recuperar e avanzar en dereitos. Ensino público galego con futuro», contou con profesorado chegado de todos os puntos do país, o que é moi meritorio tendo en conta as dificultades que supón a dispersión xeográfica e os desprazamentos desde moitas comarcas até Compostela.





→ Manifestación o 25 de setembro

Rezaba o manifesto final:

Os orzamentos da Consellaría falan claro. Neste 2025 están por baixo do que se gastaba en 2009 cando o PP recuperou a Xunta, manteñen a cifra conxelada do total de número de docentes en 30.424 e non recuperan o pagamento do verán para o persoal substituto. Onde está o incremento de docentes do que fala a Xunta? Porque non se ven. Máis ben bótanse en falta. Onde está o cómputo como dobre ou triplo do alumnado con diversidade que figura no Acordo de Melloras que algúns sindicatos asinaron como se fora un folio en branco? Onde están as ratios máximas nas aulas mixtas? Onde está a autorización de desdobres sempre que se supere a matrícula preexistente? Onde están as melloras para secundaria, bacharelato, FP e ensinanza de réxime especial porque non hai ningunha. O que hai é intentos de censura co concepto de “neutralidade ideolóxica” que a Consellaría é a primeira en rachar ao manter en cargos a persoas con ideoloxía ultra. Seguiremos denunciando, tamén nas aulas porque é a nosa responsabilidade, o plan de exterminio do galego, o xenocidio en Palestina e a depredación medioambiental que algunhas empresas queren facer do noso territorio».



Un outubro quente dentro e fóra das aulas

O mes de outubro comezaba co anuncio dunha manifestación nacional por Palestina en Compostela que se sumaba así ás concentracións celebradas todos os luns desde o inicio do xenocidio convocadas pola Coordinadora Galega Solidariedade con Palestina, da que a CIG forma parte. A federación de Ensino, á súa vez, animaba ao profesorado a denunciar os plans do sionismo e do goberno ultra de Netanyahu de exterminar o pobo palestino distribuindo unha imaxe que levaba por lema «Neste centro non pechamos os ollos ante o xenocidio. A historia é hoxe», así como material didáctico para o seu uso nas aulas porque como docentes temos a enorme responsabilidade non só de explicar a historia senón de contribuír a facela máis xusta. Uníase tamén unha xornada de paros laborais o día 15 como resposta a esta barbarie por parte da clase traballadora galega e que tamén secundou unha parte do profesorado. As datas coincidían co relato oficial de máis de 65.000 asasinatos perpetrados por Israel e do recoñecemento da ONU, á fin, de que o que estaba a pasar na franxa de Gaza era un xenocidio e non un conflito nin unha guerra entre iguais.

→ Manifestación nacional por Palestina



E dado que a Consellaría seguía sen mover ficha o conflito laboral intensificouse sen tregua. Trece días despois da primeira folga anunciábanse dúas xornadas máis para o 28 e o 29 de outubro co obxectivo de forzar o inicio de negociacións reais para mellorar as condicións laborais e atender as demandas da comunidade educativa. Ademais de remitirle un escrito ao conselleiro emprazándoo a implicarse activamente no desbloqueo da situación, a CIG-Ensino anunciaba estas dúas convocatorias, consensuadas co STEG, para evidenciar que, **lonxe de acusar o desgaste do inicio de curso, as forzas do profesorado mantiñanse intactas**. Advertíase así que a loita ía «en serio» e que se non se producía unha rectificación as mobilizacións non cesarían até conseguir avances. Mantiñáanse tamén as reivindicacións

laborais, sen prexuízo de abordar outras cuestións como **a situación da nosa lingua no ensino, maior garantía de liberdade e de respecto no noso traballo, avances na negociación do Plan de Igualdade e do Protocolo fronte ao Acoso ou acadar un consenso sobre o novo Decreto que ía regular a Formación Profesional galega**.

Facíase ademais un chamamento ao resto de sindicatos, especialmente aos tres que asinaron o Acordo de 2023, a que se sumaran ás mobilizacións e á defensa da vontade maioritaria do profesorado, sen obter resposta algunha.

Sen apenas tempo para a axitación nos centros e precedido dun comunicado no que preto de 100 equipos directivos amosaban o seu apoio ás folgas, así como tamén a confederación de Anpas Galegas e o sindicato estudantil Erguer, o día 28 «virouse» San Caetano co fin de darlle a volta ás políticas educativas da Xunta. A creatividade e o enxeño das persoas asistentes ás manifestacións ficou claramente visíbel, introducindo un aspecto lúdico nas reivindicacións. Aproveitando o Samadín as organizacións convocantes animaron a deixarlle cabazas ao conselleiro e a facerse escoitar armando barullo no cerco simbólico a San Caetano. Finalmente foron dúas cabazas/cabezas de Rueda e Román as que animaron a marcha e o profesorado demostrou de novo unidade e firmeza nas súas demandas.

→ Manifestación o 28 de outubro







De esquerda a dereita, peches na Coruña, Ourense, Ferrol, Pontevedra, Lugo e Moaña

Despois do éxito da manifestación en Santiago, esa noite leváronse a cabo peches reivindicativos en centros da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol e Moaña que colleron por sorpresa á Consellaría e puxeron bastante nerviosas ás direccións territoriais que non sabían ben que instrucións dar. O factor sorpresa é algo co que o departamento de Román Rodríguez tivo que lidar este curso máis de unha vez e ao que non está acostumado na súa obsesión polo control da imaxe e do relato a través dun gasto obsceno en vídeos, eventos fastosos e tours guiados polos centros de ensino de Galiza. O CEIP Alborada, o IES de Catabois, o IES Lucas Augusti de Lugo, o CEIP Amadeo Rodríguez Barroso, o IES Valle Inclán e o CEIP Reibón acolleron asembleas improvisadas, elaboración de faixas e sacos de durmir nunha estratexia de encerrons que tivo un gran impacto mediático e social.





Un día despois, o 29 de outubro, descentralizáronse as manifestacións nas catro capitais de provincia con marchas que de novo bateron récords de asistencia diante das Delegacións Territoriais da Consellería, como non se lembraba desde había moitos anos. ●

Manifestacións na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra





Un decembro no que a loita mudou en loito

Malia o esforzo económico e laboral realizado coas tres primeiras xornadas de folga, o malestar do profesorado galego coa actitude inmovilista da Consellaría era moito maior que o que estaba perdendo secundando estas convocatorias. **A sensación de estar facendo historia tras 15 anos de recortes**, nos que se triplicaron os esforzos e a enerxía para atender o alumnado, **e a convicción de que «a loita é a razón e nós témola toda»**, como rezaba o manifesto das folgas de outubro, levou a redobrar o pulso fronte á administración no mes de decembro.

Co obxectivo posto en **condicionar os orzamentos da Xunta para o ano 2026**, nos que se volvían cuantificar os mesmos 30.424 docentes inalterábeis desde 2022, e despois de reunirse até en dúas ocasións con CCOO, ANPE, UGT e CSIF nun último intento por conseguir a unidade sindical que reclamaba o profesorado galego, a convocatoria de máis xornadas de folga non se fixo agardar. **Tras a negativa da minoría sindical a unirse e a falta de resposta a un novo escrito enviado ao conselleiro para abrir negociacións de inmediato**, a CIG-Ensino anunciou, xunto con STEG, dúas novas datas no mes de decembro nas que o paro laboral iría

acompañado da escenificación da morte e enterro do ensino público. O ambiente agónico que se vivía nos centros, con burocracia asfixiante, abandono e desprezo institucional, falta de persoal para atender o alumnado con diversidade —que se triplicou segundo as estatísticas do Ministerio desde o curso 11/12 até o curso 23/24—... deu pé a un **decembro negro** e á **transmutación da loita en loito** para chamar a atención da sociedade en xeral e dos medios de comunicación en particular. **En apenas catro meses de curso sumábanse así cinco xornadas de folga xeral, un esforzo ciclópeo que non podía resultar en van.**

O nerviosismo da Consellaría empezou a quedar patente coa manobra de adherir ao Acordo de 2023 a un sindicato que, aínda non tendo representación na Mesa Sectorial, participara nas mobilizacións contra o mesmo naquel ano. Tamén coas chamadas intimidatorias aos centros por parte das inspeccións para que se dera aparencia de normalidade e as avaliacións non se viran afectadas polas xornadas de folga. **A CIG forzou até o último momento a apertura de negociacións pechándose na Consellaría e abordando ao propio Román Rodríguez á entrada**





dun acto institucional para entregarlle, por enésima vez, un escrito solicitándolle esas reunión. Mais, a Consellaría seguía sen rectificar. Aparentemente, porque o día 11 intentou boicotear as folga filtrándolle a un medio de comunicación que se estaban a negociar no marco da comisión de seguimento do acordo de 2023 dúas cuestións que quedaran fóra del e para as cales tiña que ser emendado: a baixada do horario para todos os corpos de secundaria, FP e réxime especial, supe- didata no mesmo á redución da xorna- da a 35 horas para todo o persoal da Xunta, e as ratios en secundaria, cuxa negociación se prevía que se iniciaría no seguinte curso coincidindo co remate da implantación desta medida en infantil. Fi- caba claro que as mobilizacións docentes foran quen de condicionar moito máis os tímidos avances que se albiscaban que a sinatura do mesmo. E tamén que secun- dar as seguintes folgas era máis necesá- rio ca nunca.

Neste caso, as mobilizacións previstas para as dúas xornadas de folga inverté- ronse. O día 16 organizáronse marchas fúnebres entre centros educativos de di- versas localidades portando cadaleitos, candeas, crespóns negros, esquelas e outra simboloxía mortuoria para socia- lizar o conflito e visibilizar as demandas do profesorado entre toda a comunidade educativa. Para a organización destes velorios foi crucial a autoorganización do profesorado nos centros, un fenómeno que se foi conformando a medida que avan- zaba o curso para converterse nun axente esencial das mobilizacións. Chegou o día e **a creatividade agromou de novo con moita vitalidade en máis de 20 localida- des** (ademais de nas sete cidades, houbo marchas en Monforte, O Vicedo, Viveiro e Sober na provincia de Lugo, Negreira e Ponteceso na Coruña e Cangas, Bueu, Moaña, Redondela, Gondomar e Pontear- eas en Pontevedra), nalgún caso con tri- pla convocatoria no mesmo día.



← **Peché na Consellaría o 11 de decembro**

↑ **Boicot ao acto do conselleiro en Compostela o 3 de decembro**

→ **Mobilizacións descentralizadas o día 16 de decembro**













Mais seguramente a mobilización que máis permanece na memoria visual do curso pasado foi a do 17 de decembro. Con saída desde o Parlamento de Galiza, onde o día anterior se aprobaran os Orzamentos da Consellaría de Educación para 2026 sen ningunha modificación, a escenificación do enterro do ensino público galego estivo á altura dun funeral de Estado. Música solemne, toque de campás, atrezo fúnebre, ataúdes, candeas, cabezudos representando ao presidente da Xunta e ao conselleiro e até un bispo; non faltou de nada na procesión máis numerosa que seguramente teña vivido a capital galega nos últimos anos. **De rigoroso loito, unha multitudinaria comitiva de miles de docentes volveu tomar as rúas de Compostela para rematar diante da Consellaría coa lectura dun manifesto** a modo de últimas vontades:

Menos de tres meses despois da primeira folga recuperamos a dignidade profesional, unha dignidade que se está traducindo en respecto e recoñecemento pola nosa profesión, non aínda por parte de quen nos goberna, pero si por parte da sociedade. Neste tempo de mobilizacións fomos gañando a complicidade de moita xente que viu na nosa causa a súa causa. Onte foron moitas as Anpas que, aínda sendo en horario de mañá, nos acompañaron e nos transmitiron mensaxes de apoio. Tamén sentimos os folgos de moito do noso alumnado que nesa relación estreita que nos une sabe ben que o que pedimos é para que teña dereito á educación de calidade que merece. Pero especialmente o que sentimos é a empatía, o compañeirismo e a solidariedade entre nós. Fomos quen de

rachar as paredes das salas de profesorado, dos colexios e institutos para levar as nosas demandas á rúa, aos medios de comunicación e ás conversas cotiás. Para todas as persoas que participaron activamente nestas folgas hai un antes e despois das mesmas e para as organizacións convocantes tamén. Esta semana a palabra folga estivo moi presente nas mensaxes que recibiron familias e alumnado e o conselleiro nunca tanto tivo que responder a preguntas sobre as nosas condicións de traballo e os recortes no ensino público. Malia todos os intentos de dividirnos, de desgastarnos e de culpabilizarnos co tema das avaliacións estamos aquí en pé, por moito que lle pese á Consellaría.

Mais tamén se facía alusión a que as folgas de decembro tiñan que ser un punto e seguido nas mobilizacións despois de facer reaccionar á administración:

Todo o esforzo e sacrificio que está facendo o persoal que secunda a folga e asiste ás mobilizacións non pode ser inútil e o que está por vir ten que ser para mellor. O conselleiro négase a negociar coas organizacións maioritarias que representan ao profesorado e que convocan estas folgas pero está reaccionando adiantando a negociación da baixada de ratios en secundaria e abordando a recuperación do horario lectivo coas organizacións minoritarias. Unha vez máis busca cómplices necesarios para facer o que pode facer de motu propio e hai quen se presta a isto. Pero non nos enganemos, estampar a sinatura nese acordo non serviu de nada. Como verdadeiramente se está condicionando o seu desenvolvemento



é coas mobilizacións protagonizadas polo profesorado nunhas condicións moi adversas, con moitos factores en contra, pero coa forza da razón, como dixemos desde o comezo. Quedémonos con esta mensaxe en positivo. Temos os obxectivos claros: recuperación de todo o que nos roubaron e que depende da Xunta e mellorar o ensino público ante os novos desafíos que se nos presen-

tan. Porque é de xustiza, porque é o que garante unha sociedade igualitaria, inclusiva e diversa e porque está na nosa man conseguilo.

A continuación cantaron unhas coplas de Nadal compostas especialmente para a ocasión e que xa deixaban entrever que o ensino público volvería revivir, coma sempre, da man do profesorado. ●



















Un segundo trimestre para reavivar o conflito e levalo aos centros

O cansazo acumulado no primeiro trimestre tras cinco xornadas de folga xeral e mobilizacións moi contundentes fixo necesario replantexarse a estratexia e descentralizar as accións reivindicativas nos propios centros. Para iso, **a proposta da CIG-Ensino pasou por cederlle aínda máis o protagonismo ao profesorado a través da acción Martes en Loita e por coordinar desde a estrutura sindical a realización de peches reivindicativos en máis de 20 centros desde o 27 de xaneiro até o Entroido**, un prazo suficientemente amplo para que a Consellaría abandonara dunha vez a propaganda e sentara a negociar sobre as demandas reais do ensino público galego.

O balance das dúas accións foi moi positivo, tendo en conta que o ámbito de actuación se reducía a centros ou comarcas, pero conseguiu o obxectivo inicialmente previsto.

Ao igual que no día a día é o persoal docente o que mantén vivo o ensino público malia a súa situación agonizante, estas dúas iniciativas van na liña de facerlle ver a toda a sociedade, fundamentalmente á máis afectada polos recortes, alumnado e profesorado, que estamos a tempo de revivilo unindo as nosas demandas e mantendo a tensión fronte á Consellaría.

Antes da súa posta en marcha, a secretaria nacional da CIG-Ensino, Laura Arroxos, amosábase moi crítica coa Consellaría e cos seus sindicatos satélites:

Os obxectivos están intactos. Sabemos, porque así nolo dixeron cando lles propuxemos unirse ás mobilizacións, que os asinantes do acordo están negociando medidas coa Consellaría e queremos denunciar como se está a facer. É absolutamente impresentábel non só que se deixe de lado a representación maioritaria do profesorado, senón que non se informe de que é o que está enriba da mesa. Fálase da recuperación do horario lectivo de secundaria e outras ensinanzas a 18 horas. Pero desde cando actúan así organizacións sindicais? O profesorado ten claro que isto coa CIG nunca pasaría porque sempre que estamos nunha negociación publicamos as propostas que fai a administración para recibir achegas e imos informando de cada paso que se dá. Nunca negociamos ás agochadas. É unha falta de respecto por todas as partes e deslexítima a función que debe ter a verdadeira representación sindical, aínda que hai ben tempo que no ensino público estas organizacións non actúan como tales.



← «Martes en loita» no CEIP Arzúa

Os peches rotatorios en centros de ensino contaron finalmente con bastante presenza de familias e alumnado, dado que moitos dos colexios e institutos escollidos padecían especialmente de falta de persoal para atender á diversidade. Ademais, serviron para realizar asembleas abertas, poñer en común as demandas de toda a comunidade educativa, elaborar material reivindicativo e debater sobre futuras accións a levar a cabo. Tras pasar a noite nos corredores, ximnasios ou salas de profesorado pola mañá na maioría deles celebrouse unha concentración informativa de novo con intención de visibilizar aínda máis o conflito entre a sociedade e os medios de comunicación comarcais.



Compostela



Compostela



Ourense



Ourense



Vilagarcía



Vilagarcía



Vilagarcía





Vigo



Vigo



Pontevedra



Pontevedra



Carballo



Cangas



Carballo



Rianxo



Rianxo



Ferrol



Rianxo



Ferrol



Ponteareas



Lalín



Lalín



Ponteareas



Ponteareas



Lugo



Cee



Lugo



Cee



Lugo

En relación á acción Martes en loita, e seguindo co xogo de palabras loita/loito, esta acción bebeu do que moitos centros xa comezaran a facer ao longo do curso escollendo un día á semana para evidenciar todas as carencias que tiñan tanto a nivel de infraestruturas como sobre todo de persoal. **Vestir de negro, portar mensaxes reivindicativas, falar con familias e alumnado das demandas urxentes, xuntarse no recreo e darlle visibilidade a través de fotografías, vídeos e das redes sociais.** Este era o obxectivo dunha acción que se prolongou durante todo o curso pero que tivo no día 10 de febreiro o seu punto álxido coa celebración de concentracións simultáneas en centos de colexios e institutos.

Ademais de empapelar paredes, corredores, taboleiros, portas e ventás, esta iniciativa serviu tamén para que moitos centros deran o paso e denunciaran publicamente deficiencias graves que viñan padecendo nos últimos tempos, como o caso do CIFP Manuel Antonio que mesmo chegou a convocar un paro laboral de tres horas en cada quenda, o CEIP Virxe do Portal de Sobrado dos Monxes onde as familias decidiron non levar o alumnado a clase durante tres días en abril ou os centros da Costa da Morte IES Fernando Blanco, CEIP Labarta Pose, CPI de Zas e IES Eduardo Pondal que elaboraron manifestos e notas de prensa, elevaron a claustro as súas problemáticas e nalgún caso recibiron ao conselleiro con mensaxes reivindicativas durante a visita ao centro, o que lle fixo replantexarse os seus tours os martes.



IES Río Cabe – Monforte



CEIP Xosé Mª Brea Segade – Rianxo



CEIP de Pazos-Ferrol



CEIP Ponzos-Ferrol



CEIP Tenorio de Cerdedo-Cotobade



CEIP do Valadouro



CEIP Juana de Vega - Oleiros



CEIP Lamas de Abade - Compostela



CEIP Monte dos Postes - Compostela



CEIP Montemogos - Bueu



CEIP Os Casais - Fene



CEIP Outes



CEIP Padín Truteiro Soutomaior



CEIP San Marcos Abegondo



CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro - Ferrol



CEIP Wenceslao Fernández Flórez - A Coruña



CEIP San Pedro de Visma - A Coruña



CEIP de Esteiro-Ferrol



CEIP Cabo de Area - Laxe



CEIP Camiño Inglés - Oroso



CEIP Fonte Díaz Secundaria - Touro



CEIP O Toural - Vilaboa



CEIP Fonte Díaz Primaria - Touro



CEIP de Vedra



CRA A Lagoa - Salvaterra



IES A Pinguela - Monforte



IES A Pobra do Caramiñal



IES Castelao - Vigo



IES Antón Fraguas - Compostela



IES Ánxel Fole - Lugo



IES Camilo José Cela - Padrón



IES Alfredo Brañas - Carballo



IES Daviña Rei - Monforte



IES de Arzúa



IES de Fene



IES Eduardo Pondal - Ponteceso



CEIP Isaac Peral - Ferrol



IES Eduardo Pondal - Santiago



IES de Sar - Compostela



CEIP O Toural - Vilaboa



IES Marco do Camballón - Vila de Cruces



IES Fonmiñá - A Pastoriza



IES Leliadoura - Ribeira



IES O Carril - Vilagarcía



IES Ramón María Aller Ulla - Lalín



IES Praia Barraña - Boiro



IES Moncho Valcárcel - As Pontes



IES Rosalía de Castro - Santiago



IES Terra de Turonio - Gondomar



IES Xelmírez II - Compostela



IES Xograr Afonso de Sarria



CEIP A Guía - Moaña



IES Xulián Magariños - Negreira



IES Castro da Uz - As Pontes



EASD Mestre Mateo - Compostela



CPI Castro Baxoi - Miño



CEIP Concepción Arenal - A Coruña



CEIP As Mercedes - Lugo



CPI Cruz do Sar - Bergondo



Ceip A Solaina - Narón



Ceip Eloísa Rivadulla - Chantada



CEIP Reibón - Moaña



IES Lamas das Quendas - Chantada



IES Val do Asma - Chantada



IES Ramón Cabanillas - Cambados



IES Basanta Silva - Vilalba



IES Val Miñor - Nigrán



IES Dionisio Gamallo - Ribadeo





IES Armando Cotarelo Valledor - Vilagarcía



IES Chapela - Redondela



CIG-Ensino en loita



IES Aquis Celenis - Caldas de Reis



Mesa Sectorial de Martes en loita

Mobilizacións no segundo trimestre: Plataforma Galega, contra a censura e pola igualdade real

Xusto despois do Entroido o profesorado galego volveu mobilizarse esta vez convido pola **Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público**. A iniciativa de Anpas Galegas, a manifestación tiña como foco principal **reclamar máis persoal para atender á diversidade e un sistema educativo público que non deixe a ninguén atrás**. Segundo datos do último curso do que hai estatísticas, o 23/24, en Galiza, desde os tres anos de idade a ciclos superiores, **só o alumando con casuística NEE e NEAE supón o 17% do total ou, o que é o mesmo, 65.259 en números absolutos**. Non se teñen en conta nestas cifras outros fenómenos novidosos nas aulas galegas como o incremento do alumnado migrante, moito do cal chega no medio do curso, ou os trastornos de saúde mental que son un verdadeiro reto social e educativo. O 28 de febreiro celebrouse a marcha por Compostela na que Anpas, profesorado e alumnado volveron unir forzas por unha fronte común. En declaracións aos medios, a secretaria nacional da CIG-Ensino incidía en que as mobilizacións docentes tamén xiraban arredor da atención á diversidade, porque:

Cando o profesorado pide reducir o horario é para ter máis tempo para o importante, que é atender o alumnado tanto

no plano académico como no emocional; cando se pide baixar as ratios é para poder ofrecer un ensino máis personalizado; cando se demandan máis especialistas de PT, AL, Orientación e persoal auxiliar coidador para moitas ensinanzas nas que hoxe en día case non existen estes profesionais é para garantir a atención desas necesidades educativas e cando se pide reducir ou eliminar burocracia é para devolverlle a esencia ao traballo docente, que é educar e formar persoas, non cumprir trámites.
















O final do segundo trimestre transcorreu con denuncias da CIG-Ensino pola parálise na negociación do Plan de Igualdade e do Protocolo fronte ao acoso fronte ás situacións de desamparo cada día máis frecuentes nos centros de ensino, dúas medidas fundamentais para verificar que a aposta da Consellaría pola igualdade é real nun sector no que o 72% do persoal son mulleres. Froito desta presión, o 30 de marzo o departamento de Román Rodríguez entregaba para a súa negociación o primeiro borrador do Protocolo fronte ao acoso que nestes intres está a piques de ser aprobado e que finalmente recolleu bastantes das achegas da CIG-Ensino.

O sindicato tamén denunciou o estado lamentábel de moitos centros educativos, nomeadamente na provincia da Coruña e concentrouse para pedir o cesamento do novo director territorial desta provincia. Sen ningunha vinculación co ensino, José Santiago Freire Abeijón é coñecido polos seus comentarios a favor do franquismo e contra as mulleres e foi investigado polo Tribunal de Contas por gastos impropios durante a súa etapa como alcalde de Noia. Así mesmo, a CIG lanzou a campaña «FP pública e de calidade. Algo máis que un lema polo que loitar» cun decálogo de reivindicacións específicas para estas ensinanzas nas que a Consellaría leva investidos 100 millóns de euros en diversos plans (Innova FP, Conecta FP e FPGal 360) nesta lexislatura sen que estes redunden nun incremento da oferta pública nin nunha mellora das condicións laborais docentes.



FP PÚBLICA E DE CALIDADE

Algo máis que un lema polo que loitar

1



Reforzo da oferta pública e couto da privada

Incremento de ciclos, sobre todo de FP básica e medios para evitar zonas de sombra no territorio e desigualdades entre alumnado. Límite á oferta privada e control da inspección dos centros autorizados.

2



Aposta pola formación presencial e dual ordinaria

Regulación da FP dual intensiva para evitar abusos e desaxustes curriculares entre a formación no centro e nas empresas, contrato de formación en alternancia, remate do período formativo o 31 de xullo...

3



Derrogación do Decreto 20/26 de FP galego

Elaboración dunha nova normativa consensuada co profesorado. Eliminación do persoal asociado e das figuras externas na FP (sen requisito de titulación, compatibilidade público-privada, acceso a dedo...)

4



Actualización dos currículos dos ciclos

Introdución en todos eles dun módulo optativo profesional para paliar a perda de horario de formación competencial nos centros e incremento do horario total e da duración dalgúns ciclos a 3 cursos

5



Menos Educabilidade e máis atención á diversidade

Eliminación de sistemas de xestión empresarial nos centros públicos. Dotación de máis persoal orientador e outros perfís para atender a diversidade, redución de ratios e formación docente en horario laboral

6



Recuperación de dereitos e avance noutros novos

Horario máximo semanal de 18 h. e compensación nos CIFP polos 60 min. Licenzas por formación retribuídas, estadias en empresas nacionais e internacionais retribuídas durante o curso, substitución das vacantes

7



Revalorización e igualdade salarial

Aprobación dun complemento equiparador para o PESSFP para evitar a discriminación entre corpos. Incremento salarial que faga atractiva a profesión docente e pago do verán ao persoal substituto.

www.cig.gal

AFÍLIATE PARA DEFENDER OS TEUS DEREITOS

www.cig-ensino.gal

A sexta folga e unha xornada de loita que volveron unir a toda a comunidade educativa

A inacción da Consellaría, que anunciara en decembro novas medidas en relación ás ratios de Secundaria e ao horario lectivo dos corpos diferentes ao de mestras sen que se soubera máis nada desde entón, **fixo que en abril se retomara a convocatoria doutra folga, a sexta no que ía de curso, despois de ser consensuada coas Asembleas Abertas do profesorado.** A data escollida foi o martes 28 e o seguimento e participación volveron ser masivos malia a estratexia desmobilizadora protagonizada, unha vez máis, pola Consellaría e os catro sindicatos asinantes que compareceron o venres anterior nunha rolda de prensa sen concretar absolutamente nada. Os anuncios versaron sobre tres eixos: a actualización do catálogo de postos de traballo de infantil e primaria que semellaba unha medida relevante e finalmente quedou en nada, a redución a 18 horas lectivas nos corpos

nos que este dereito fora recortado en 2012 e a baixada da ratio na ESO a 25 comezando polo curso 28/29. Aínda que estas dúas últimas medidas estaban recollidas «tal cal» no Proxecto de Lei que negociara cos sindicatos e que viña de aprobar o goberno do Estado, **ficaba claro que foron as mobilizacións sostidas no tempo de familias e docentes as que fixeron reaxir á Consellaría.** Con todo, este anuncio resultaba insuficiente porque **nin se recuperaban os dereitos roubados nin se avanzaba realmente noutros novos e o profesorado galego volveu tomar as rúas da capital galega farto da propaganda e da inconcreción da administración.** Na **lectura do manifesto final participaron sete docentes en representación dos distintos colectivos e ensinanzas:** infantil, primaria, secundaria, orientación, formación profesional, ensinanzas de réxime especial e persoal interino e substituto.

→ Manifestación do 28 de abril en Compostela







O 6 de maio tiñan lugar outras 25 mobilizacións deslocalizadas por todo o territorio galego (A Coruña, Carballo, Cee, Compostela, Ferrol, Muros, Porto do Son, Lugo, Monforte, Ribadeo, Viveiro, Ourense, O Carballiño, Verín, Pontevedra, Mos, O Porriño, Cangas, O Grove, Ponteareas, Redondela, Ponteareas, Vigo, Vila de Cruces e A Estrada) nunha xornada de loita máis na que a comunidade educativa volveu marchar unida para reclamar un ensino «con recursos e de calidade». Tal e como se puido escoitar ao remate das mesmas «o ensino público nin se vende, nin se instrumentaliza, deféndese! O alumnado non pode agardar por recursos nin persoas que nunca chegan. Se o sistema lle falla á persoa máis vulnerable, fállanos a cada unha de nós, polo que é preciso esixirlle á Consellería que a vontade se converta en recursos». Ás demandas que se mantiveron durante todo o curso engadíanse outras novas como a substitución das baixas de forma inmediata, a garantía de infraestruturas dignas e seguras con especial atención á presenza de gas radón ou á potabilidade da auga nos centros de ensino, o aumento do persoal acompañante nas saídas extraescolares, a aposta real polo transporte escolar no rural ou o recoñecemento real de todas as actividades que se desenvolven nos centros, entre outras.

→ Manifestación do 6 de maio



A Coruña



Compostela



Compostela



Compostela



Compostela



A Coruña



Carballo



Lugo



Monforte



Cee



Cangas do Morrazo



O Carballiño



A Estrada



Ferrol



Ferrol



Pontevedra



Pontevedra



Porto do Son



Porto do Son



Vila de Cruces



Muros



Viveiro



Verín



Ponteareas



Ponteareas



O Porriño



Ourense



Ribadeo



Vigo



Redondela



Vigo

As «non negociacións» de final de curso e o suspenso á Consellaría

A mediados de maio chegaron as «pseudonegociacións» de todos os anuncios que a administración realizara nos últimos meses comezando o día 13 coa baixada do horario en secundaria e outras ensinanzas a 18 horas lectivas, «con excepcións» e sacrificando a redución que tiñan cargos e coordinacións. Aínda que a administración aceptou tratar este tema en dúas Mesas Sectoriais, os únicos cambios que introduciu no documento finalmente asinado cos catro de sempre foron de carácter técnico. **A CIG-Enseño recibiu centos de achegas de profesorado, que trasladou na mesa de negociación e que non foron atendidas (principalmente a recuperación do horario das 21 horas para o corpo de mestras; as reducións por titorías e coordinacións e a actualización da dedicación horaria dos equipos directivos dos centros de infantil, primaria e educación especial; a recuperación sen excepcións das 18 horas lectivas no resto de ensinanzas; unha compensación para os centros nos que as sesións duran 60 minutos; blindar a redución horaria da titoría; recuperar a hora de reunión de departamento; manter as condicións actuais para a xefatura de departamento e as coordinacións de dinamización da lingua galega e FCT**

e incrementar a dedicación a outras tarefas e coordinacións ou que se inclúa a formación do profesorado dentro do horario lectivo). A Consellaría deu carpetazo ao que desde o principio estaba disposta a aprobar e desaproveitouse unha oportunidade para recuperar o que tivo o profesorado galego antes dos recortes. Na data de peche de edición



desta publicación pode constatarase como esta medida non veu acompañada dun incremento notábel de profesorado, ao revés do que aconteceu cando en 2012 se recortaron dun curso para outro arredor de 1.000 docentes coa suba de 18 a 20 horas lectivas.

A seguinte decepción foi o 26 de maio cando veu á Mesa Sectorial o Plan para o impulso da atención á diversidade despois de ser vendido polo presidente Rueda aos medios de comunicación. **O documento presentado para negociar desmentía que se foran modificar os catálogos de postos de traballo dos centros de infantil e primaria despois de 19 anos.** A única novidade era a consolidación de 150 postos, 131 segundo puido contrastar a CIG-Enseño, de especialistas de PT e AL que xa nestes intres están nos centros por riba de catálogo, ben sexa por seren prazas da atención preferente, recursos extra, plan MEGA ou Proa+... É dicir, **non se garante nin un só posto de traballo a maiores e a suposta consolidación**, que só afectará a CEIP e CPI con máis de 11 unidades, **non será efectiva até o concurso de traslados deste ano.** Malia o desprezo polo órgano lexítimo de negociación e pola representación laboral do profe-

sorado, **a CIG-Enseño fixo unha proposta realista e que recollía as achegas do persoal de infantil e primaria.**


E o último anuncio frustrado tivo que ver coa redución de ratios en secundaria que non se materializou até rematado o curso coa celebración da Mesa Sectorial o 30 de xuño, dous meses despois de que a Consellaría intentara boicotear a sexta xornada de folga con esta manobra. Malia que ao igual que no caso dos horarios a Consellaría se veu forzada a emendar o Acordo de 2023 —dado que o inicio da súa negociación non se prevía até o vindeiro curso—, o resultado final é aínda máis limitado que a proposta actualmente que ten o Ministerio de Educación no Congreso dos Deputados. **A baixada a 25 estudantes en 1º da ESO non se acometerá até dentro de tres cursos, no 28/29, e non se menciona ningún calendario específico para Bacharelato**, que si aparece no documento ministerial cunha redución a 30 por aula, a mesma cifra proposta pola Xunta, desde o curso 29/30. A CIG-Enseño de novo levou a iniciativa construtiva na negociación con **proposicións adaptadas á realidade e á urxencia dos centros, tal e como se pode ver nas imaxes anexas.**




Quen é quen na redución de ratios?

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E DEPORTES	XUNTA DE GALIZA	CIG-ENSINO
1º CICLO EI Baixada ratios: 4 (0-1 ano) 6 (1-2 anos) 8 (2-3 anos)	1º CICLO EI Ameaza con eliminar a gratuidade da EI de 0 a 3.	1º CICLO EI Baixada ratios: 4 (0-1 ano) 6 (1-2 anos) 8 (2-3 anos)
2º CICLO EI 20 a partir do curso 27/28.	2º CICLO EI 20 desde o curso 24/25 con excepcións.	2º CICLO EI 20 no curso 24/25. 15 no curso 27/28.
EP 22 a partir do curso 27/28.	EP 20 desde o curso 27/28 con excepcións.	EP 20 en 1º e 2º no 24/25. 20 en 3º e 4º no 25/26. 20 en 5º e 6º no 26/27.
ESO 25 a partir do curso 28/29.	ESO 25 a partir do curso 28/29.	ESO 25 desde o curso 24/25, de forma que o vindeiro curso xa se aplicaría en 3º.
BACH 25 a partir do curso 29/30.	BACH 30 por aula. Sen temporalización, polo que de agardar a que remate a ESO comezaría no 32/33.	BACH 25 por aula. Curso 24/25: En 1º e 3º ESO e 1º Bach. Curso 25/26: En 2º e 4º ESO e 2º de Bach.
AULAS MIXTAS Non se contemplan.	AULAS MIXTAS Diferentes niveis EI (14), EI + EP (10), diferente ciclo EP (12), toda a etapa EP (10). Aplicación progresiva até o curso 27/28.	AULAS MIXTAS Do mesmo ciclo (14), de máis de un ciclo (12), de toda unha etapa (10). Desde o curso 24/25.
FP 25 en CM, CS e CE presenciais antes do curso 28/29 e 15 na FP básica a partir do curso 29/30.	FP Actualmente ratios variábeis de 18 a 30 nos ciclos medios e superiores presenciais. Ratio máxima de 20 na FP básica.	FP 25 e 20 dependendo da tipoloxía de ciclo: 15 (FP básica), 30 (FP a distancia). Curso 24/25 toda a oferta modular e distancia e en 1º e 25/26 en 2º na modalidade ordinaria.
EDUC. ADULT. Non contempla cifras concretas. Insta á súa redución por parte das CCAA.	EDUC. ADULT. Non hai nada regulamentado.	EDUC. ADULT. Negociación de ratios inferiores en ESO e Bach nas ensinanzas presenciais e de toques nas ensinanzas a distancia.
RÉXIME ESPECIAL Non se contemplan.	RÉXIME ESPECIAL Non hai nada regulamentado.	RÉXIME ESPECIAL 15 nas ensinanzas de artes plásticas e deseño e estudos musicais e artísticos, agás materias que impliquen grupos reducidos. 25 nas EOI.


Os grandes esquecementos das administracións, pero non da CIG-Ensino



Cómputo do alumnado repetidor



Cómputo do alumnado con necesidades



Así as cousas, e despois de lanzar unha consulta online exprés sobre os Acordos de 2023 e de 2026 que respostaron máis de 2000 docentes e na que o 93% das persoas participantes amosaban o seu desacordo cos mesmos, **a CIG-Ensino celebrou unha concentración diante da Consellaría o día 1 de xullo para trasladarlle o suspenso ao conselleiro e a todo o seu departamento en dereitos, negociación e respecto no curso máis conflitivo dos últimos 40 anos.** Advertíase que as medidas aprobadas eran insuficientes e que estabamos ante un «punto e seguido» no conflito laboral emprendido polo profesorado galego durante ese curso.

O camiño andado foi tortuoso mais tremendamente satisfactorio, sobre todo por irmos da man de toda a comunidade educativa e por demostrar publicamente o orgullo de sermos docentes. Os avances son poucos e desiguais, na liña da estratexia da Consellaría de dividir ao profesorado, pero todos se deben á mobilización e á presión, a única forma de conseguir melloras, neste e en todos os conflitos.

Arrancamos un novo curso coa historia por escribir, unha tarefa que haberá que facer en comunidade, xuntas e xuntos, porque aprendemos que a xustiza social comeza e remata na escola e porque merecemos o ensino que queremos.





Confederación Intersindical Galega

ENSINO

